

# CAMPIONATOS PROVINCIAL ABSOLUTO DA CORUÑA

## NOIA

<b>Organizador do torneo:</b>	Federación Galega de Xadrez
<b>Colaboran:</b>	C.D. Marquiño, Concello de Noia e Sociedade Liceo
<b>Director do torneo:</b>	Jesús Rodríguez Pérez
<b>Árbitro Principal:</b>	AA David Cernadas Cameán
<b>Datas:</b>	Sábado 18 e Domingo 19 de Xaneiro de 2025
<b>Local de xogo:</b>	Sociedade Liceo de Noia. Alameda S/N, Noia.
<b>Categorías:</b>	Absoluta

### **Sistema de xogo\*:**

Sistema Suízo, podería ser por sistema liga en caso de haber poucos xogadores nalguna categoría. Empregarase o programa de emparellamento VEGA e non se admitirán reclamacións ós emparellamentos nin desempates calculados.

*\*Posibilidade de modificar o número de roldas segundo o número de inscritos. A organización está obrigada a anunciar calquera cambio con 48 horas de antelación na web [www.fegaxa.org](http://www.fegaxa.org)*

### **Calendario de competición:**

Suízo a 6 roldas\* con Ritmo de Xogo: 45'+15''

Sábado 18 de xaneiro

1ª rolda 11:00

2ª rolda 16:00

3ª rolda 18:30

Domingo 19 de xaneiro

4ª rolda 11:00

5ª rolda 16:00

6ª rolda 18:30

### **Inscricións:**

No email [xadrezbretema@gmail.com](mailto:xadrezbretema@gmail.com) indicando nome, apelidos, categoría e club.

Non se admitirán inscricións pasadas as 23:00 do mércores 15 de xaneiro.

Poderán participar os xogadores de clubs e xogadores independentes da provincia da Coruña federados na tempada 2025 e que teñan nacionalidade española, bandeira deportiva FIDE española e ser seleccionables por Galicia.

***Desempates:***

1. Enfrontamento directo (DE)
2. Bucholz -1 (BH-C1)\*
3. Bucholz total (BH)\*
4. Media de Elo dos opoñentes -1 (ARO-C1\*\*)
5. Media das perfomances dos rivais (APRO\*\*)
6. Sorteo

\* Nas partidas non disputadas aplicarase a modalidade Bakú 2023 da FIDE tanto para o cálculo dos rivais como do propio xogador.

\*\* Para os xogadores sen elo considerarase un elo 1000

***Tempo de espera:***

45 minutos dende o comezo da rolda.

***Árbitros auxiliar:***

AA Teresa Cameán Paz

***Premios:***

Trofeo para os tres primeiros clasificados de cada categoría.

Trofeo conmemorativo para todos os participantes.

***Clausura:***

O remate da derradeira rolda de cada categoría.

### *Acceptación:*

Os delegados de cada club e os xogadores inscritos, autorizan á organización do torneo á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e os dos seus xogadores nos medios de comunicación ou en publicidades e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal que se fíxa no Código Civil, na Lei de Enxuízamento Civil e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

### **CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE**

A inscrición neste torneo implica a aceptación das bases do mesmo así como autoriza de forma expresa e voluntaria á ORGANIZACIÓN, a empregar gratuitamente os vídeos, imaxes e/ou audios nos que este interveña, incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de publicar nas páxinas web así como en calquera das redes sociais das que forme parte ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á totalidade dos usos que poidan ter os vídeos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que puideran desenvolverse no futuro, e para calquera aplicación. Todo elo coa única salvedade e limitación daquelas utilizacións ou aplicacións que puideran atentar contra o dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de Protección Civil ao Dereito ao Honor, a Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe. A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo ilimitado.

Esta autorización pode ser revocada en calquera momento polo Interesado, coa salvedade de aquelas actuacións/campañas que estean en marcha, en cuxo caso deberán finalizar para que empece a facer efecto a revogación, polo que a retirada do consentimento non terá carácter retroactivo.